

---

INDICADOR ABANCA FORO DE CONXUNTURA ECONÓMICA AGOSTO 2016

## Actividade económica de Galicia outubro 2015-outubro 2016: **+3,6%**

***Ourense 5.01.2017***

A actividade económica galega leva un trimestre presenta un ritmo de crecemento do 3,6% interanual, entre outubro de 2015 e outubro de 2016, cos últimos datos oficiais coñecidos. A velocidade de crecemento é a maior dende o ano 2008 (hai exactamente 96 meses). O dato mellora en dous décimas o último corresponde a agosto de 2016, lo de manter un crecemento intertrimestral do 0,9% (agosto-outubro de 2016).

O Indicador Abanca Foro de Conxuntura Económica é o resultado do traballo do equipo de investigación dos economistas do Foro Económico de Galicia, baixo a coordinación do doutor en Economía e subdirector do Foro, Patricio Sánchez Fernández.

- Os mellores datos da actividade económica das empresas galegas aparecen no crecemento da cifra de negocios do sector servizos, no forte aumento do turismo reflectido nos datos de número de viaxeiros rexistrados en Galicia e no bo comportamento das exportacións de mercadorías e do saldo positivo da balanza comercial galega.
- A actividade económica con peor comportamento interanual en Galicia aparece nos datos do transporte marítimo e na produción de automóbiles, se ben esta última viu rexistrando fortes crecementos nos meses anteriores ao trimestre agosto-outubro.

**O Foro Económico de Galicia** é unha plataforma de transferencia de coñecemento das universidades e empresas galegas á sociedade. Está integrada por máis de 50 profesores e investigadores das tres universidades galegas, empresarios e directivos e xornalistas especializados en divulgación económica.